

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN INGADA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROCESOS ASISTENCIAIS QUE MELLOREN A ASISTENCIA SANITARIA A PERSOAS CON TRASTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN E HIPERACTIVIDADE (TDAH) E PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DOS/DAS PROFESIONAIS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE NO ÁMBITO DESTE TRASTORNO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde formalizaron o 18/12/2020 coa Fundación Ingada o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia dun ano, a contar dende o día seguinte ao da súa sinatura.

O dito instrumento convencional ten por obxecto a realización de actividades formativas dirixidas aos/ás profesionais do Servizo Galego de Saúde así como establecer a cooperación entre a Fundación Ingada e o Servizo Galego de Saúde no desenvolvemento de procesos asistenciais que melloren a asistencia sanitaria a persoas con TDAH.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

- Que a Fundación Ingada ten por obxecto dar asistencia integral a persoas afectadas por TDAH e trastornos asociados en Galicia mediante a formación a profesionais da saúde, a investigación, a organización de congresos e xornadas formativas, o asesoramento individual ás persoas afectadas que o soliciten, o desenvolvemento de actividades preventivas de riscos potenciais para a saúde e a difusión do coñecemento do TDAH en medios de comunicación.
- De conformidade co anteriormente exposto, o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Ingada consideran de particular importancia o establecemento de accións conxuntas que promovan o desenvolvemento de procesos asistenciais e actividades de formación dos/das profesionais do Servizo Galego de Saúde, que melloren a asistencia sanitaria ás persoas cun trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).

Existe polo tanto converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido, o que exclúe o ánimo de lucro, na medida en que aqueles non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

